

## ACTA X

### Acta do Tribunal para a selección do persoal directivo, docente e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RENOVA VERDE". Fase de entrevistas e baremación de persoas candidatas para substitución.

No Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames, sito en Aldea Nova, sendo as 9:00 horas do día 30 de xuño do 2026, reúnese o Tribunal encargado da selección do persoal directivo, docente e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RENOVA VERDE", comparecendo os seguintes membros:

**Presidenta:** María Lloves Castro, Concello de Ames.

**Secretaria:** Dolores Landeira Liñares, Concello de Brión.

**Vogais:**

Francisco Javier Vidal Lorenzo, Concello de Brión.

Pablo Bello Nieto, Concello de Ames.

**Obxecto da sesión:**

Constitúe o obxecto da presente sesión a realización das entrevistas persoais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego para a substitución dunha alumna-traballadora que causou baixa no Obradoiro. Das dúas persoas candidatas enviadas pola oficina de emprego, só unha cumpre os requisitos formativos de acceso ao certificado, polo que o Tribunal, ao finalizar as entrevistas, decide facer a fase de baremación dos criterios establecidos no Anexo I das bases.

**Resultado das entrevistas e do baremo:**

Dado que os criterios de valoración que cumpre a única persoa candidata seleccionable non esixen acreditación documental pola súa parte, xa que veñen acreditados pola oficina de emprego (tal e como se recolle nas bases), non se precisa conceder o prazo establecido para aportar dita documentación.

A puntuación outorgada aos candidatos na entrevista e na valoración dos criterios xustificadas a través da oficina de emprego figura como Anexo I a esta acta.

**Resultado do proceso de selección da persoa substituta:**

Á vista do resultado das entrevistas e da aplicación do baremo, apróbase o resultado definitivo do proceso selectivo dunha praza de alumnado-traballador substituto, de conformidade co Anexo I desta acta.

Cumprido o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto, sendo as 10:30 horas do día de referencia, do que se estende a presente acta que asinan os señores asistentes.

## ANEXO I

Resultado do proceso de selección da persoa substituta:

ALUMNADO/TRABALLADOR BRIÓN					
	NOME	ENTREVISTA PERSOAL (Máx.: 9 puntos)	CRITERIOS DE VALORACIÓN (Máx.: 11 puntos)	TOTAL (Máx.: 20 puntos)	ESPECIALIDADE
1	HERNANDO CASTRO, DAVID	9	4	13	FOTOVOLTAICA
2	VILAS FERNÁNDEZ, ANA M <sup>a</sup>	--	--	EXCLUIDA *	--

\* Non cumpre requisitos formativos de acceso ao certificado de profesionalidade de nivel 2.

### ALUMNADO-TRABALLADOR SELECCIONADO

Á vista das puntuacións acadadas, a persoa substituta seleccionada e **proposta para contratación** é:

ALUMNADO/TRABALLADOR BRIÓN					
	NOME	ENTREVISTA PERSOAL (Máx.: 9 puntos)	CRITERIOS DE VALORACIÓN (Máx.: 11 puntos)	TOTAL (Máx.: 20 puntos)	ESPECIALIDADE
1	HERNANDO CASTRO, DAVID	9	4	13	FOTOVOLTAICA

Handwritten signatures in blue ink, including a large signature at the top, a signature with a large scribble in the middle, and a signature at the bottom.